

## BASES ORGANIZATIVAS

### “II Andaina Solidaria Asociación de trastornos do espectro autista do Barbanza BarbanTEA”

#### Artigo 1.

A “Asociación de trastornos do espectro autista do Barbanza”, BarbanTEA, coa colaboración do Concello de Rianxo, organiza a **“II Andaina Solidaria en favor da asociación de trastornos do espectro autista do BarbanTEA”**, o domingo 6 de abril de 2025.

A proba organízase a beneficio de BarbanTEA, que recibirá o 100% do recadado a través das inscricións.

#### Artigo 2.

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sen distinción de idade ou sexo sempre que se inscriban axeitadamente. As persoas participantes menores de idade deberán cumprimentar unha autorización paterna, materna ou do/a titor/a legal para poder participar. Esta autorización deberá presentarse no momento da recollida do dorsal ou pulseira. No caso de non presentar dita autorización, non será posible a participación na proba, non sendo reembolsable o importe da mesma.

#### Artigo 3. Categorías

Establécese unha única categoría integrada pola totalidade dos participantes.

#### Artigo 4. Distancias e horarios

A **“II Andaina Solidaria en favor da asociación de trastornos do espectro autista do Barbanza”**, conta con un percorrido circular, con saída e chegada no mesmo punto de aproximadamente 5 km.

O comezo do evento será ás 10:00 h., sendo a saída da andaina ás 10:30 horas do domingo 6 de abril de 2025.

## Artigo 5. Lugar de saída e percorrido

### Saída e chegada

Praza Virxe de Guadalupe

O percorrido discorrerá na contorna do paseo marítimo e senda litoral de Taragoña.

## Artigo 6. Inscripcións

### Prazo de inscrición

**En liña** ata o xoves 3 de abril de 2025 ás 23:59 h.

- [emesports.es](https://emesports.es)

**Presencial** ata o día do evento

- Servizo de Deportes. Edif. Cuartel Vello. Praza Castelao, 9. 15920 Rianxo.
- Na Praza Virxe de Guadalupe ata 15 minutos antes do inicio da proba.

### Prezo

Andaina: establécese o prezo en función das idades dos participantes:

- 0 a 3 anos: gratuíto.
- 3 a 99 anos: 5 €.

**É obrigatorio inscribirse e retirar o dorsal ou pulseira para participar na andaina.**

### Fila Cero

Doazón da cantidade desexada a través da pasarela de pago ata o xoves 3 de abril de 2024 ás 23:59 h., ou na Praza Castelao o día de celebración do evento.

**Límite de prazas:** haberá un límite de 500 inscricións.

## Artigo 7. Retirada de dorsais/pulseras

Na Praza da Virxe de Guadalupe o mesmo día da proba, a partir das 9:00 e ata o inicio da mesma.

## Artigo 8. Agasallos/Sorteos

Os agasallos a sortear serán vales de produtos/servizos doadas por empresas colaboradoras da zona. O sorteo realizarase co número de inscrición no evento.

## Artigo 9. Servizos

### Aparcadoiros

Aparcadoiro Público Municipal (gratuíto), arredores do pavillón polideportivo e nas inmediacións da zona portuaria.

## Artigo 10. Outras consideracións

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil subscrito por BarbanTEA e un seguro de accidentes coas coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993, subscrito polo Concello de Rianxo.

A proba conta cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia.

**Non está permitido o acompañamento nin a participación no evento con mascotas nin animais de compañía.**

A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender o evento se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

No caso de que para o día da celebración do evento se decrete unha alerta laranxa o evento será suspendido automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.

As persoas que durante o transcurso da andaina circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización e/ou monitores da andaina, considéranse a todos os efectos usuarias normais da vía.

Toda persoa que participe sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar dos obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros do evento.

O dorsal/pulseira deberá ser colocado visiblemente, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen as participantes no evento.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización, e non está permitido o acompañamento das persoas participantes mediante o uso de vehículos de apoio.

As persoas participantes autorizan á organización (BarbanTEA), aos colaboradores (Concello de Rianxo) e aos patrocinadores do evento, a empregar calquera tipo de imaxe ou gravación con fins de difusión, promoción e explotación para todo o mundo mediante calquera dispositivo (internet, publicidade impresa, etc.) sen límite temporal.